

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: C.E.I.P. PLURILINGÜE MONTE DOS POSTES

CURSO: 4º E.PRIMARIA

MATERIAS: LINGUA CASTELÁ – LINGUA GALEGA – MATEMÁTICAS-
CIENCIAS NATURAIS—CIENCIAS SOCIAIS

DATA: 12 –MAIO-2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles**LINGUA CASTELÁ 4º**

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Expresarse con coherencia básica de forma oral en diferentes situacións.	Participa en situación de comunicación oral cunha pronuncia e dicción correctas sendo coherente e secuenciando as súas ideas.
Recoñecer o tema e as ideas principais dos textos orais sinxelos.	Comprende de forma global a información xeral de textos orais de uso habitual. Responde preguntas sinxelas sobre textos orais. Identifica o tema e selecciona as ideas principais.
Producir textos orais breves e sinxelos imitando modelos e adecuados ao seu nivel.	Narra ou describe de forma oral imitando modelos e intervén en diálogos axeitándose ao discurso.
Ler en voz alta e en silencio, diferentes textos.	Le en silencio e en voz alta, sen dificultade e con certa expresividade, diferentes tipos de textos apropiados á súa idade. Consulta a biblioteca do Centro e as TIC de xeito guiado para obter información.
Comprender distintos tipos de textos adaptados á idade	Distingue de forma xeral textos narrativos, descritivos, dialogados, poéticos... do ámbito escolar e social. Resume textos lidos, de diferente tipoloxía, adecuados á súa idade. Sabe sacar posible información dun título e das ilustracións dun texto, dos gráficos e de mapas. Iníciase na utilización autónoma do dicionario en distintos soportes.
Producir textos segundo un modelo con diferentes intencións comunicativas, aplicando as regras ortográficas, as de puntuación e gramaticais básicas, cuidando a caligrafía, orde e limpeza..	Escribe textos sinxelos: diarios, cartas, correos electrónicos, noticias, contos, narracións, receitas, instrucións... con caligrafía clara, orde e limpeza. Escribe textos organizando as ideas, utilizando conectores básicos e respectando as normas gramaticais, regras de puntuación (punto, coma, dous puntos, interrogación e exclamación) e ortográficas propias do nivel. Reproduce textos ditados. Usa as TIC de xeito guiado para escribir, presentar os textos e buscar información
Aplicar os coñecementos básicos sobre a gramática (categorías gramaticais), o vocabulario (formación e significado das palabras e campos semánticos), e as regras de ortografía.	Recoñece as categorías gramaticais básicas: nomes, adxectivos, determinantes. Utiliza con corrección os tempos simples e compostos dos verbos. Diferenza familias de palabras. Coñece, recoñece e usa sinónimos, antónimos, palabras polisémicas ou frases feitas na expresión oral e escrita. Recoñece prefixos e sufixos e é capaz de crear palabras derivadas. Utiliza diversos conectores básicos entre oracións ao producir textos orais e escritos. Aplica de forma xeral as normas de acentuación en palabras agudas, graves e esdrúxulas e clasifica as clases de nomes nun texto. Recoñece a oración simple e distingue suxeito e predicado. Manexa o dicionario para buscar o significado de diferentes tipos de palabras. Selecciona a acepción correcta segundo o contexto.
Coñecer e valorar os recursos literarios da tradición oral: poemas, cancións, contos, refráns e adiviñas.	Recoñece algunha personificación e metáfora nos poemas. Utiliza, de xeito guiado, comparacións, aumentativos, diminutivos e sinónimos en textos literarios.
Producir, a partir de modelos dados, textos literarios en prosa ou en verso, con sentido estético e creatividade: contos, poemas, adiviñas e fragmentos teatrais.	Crea, con axuda, sinxelos textos literarios (contos, poemas, fragmentos teatrais) a partir de pautas ou modelos dados.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles**LINGUA GALEGA 4º**

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Producir e comprender textos orais.	Participa nunha conversa entre iguais. Segue a explicación da clase e extrae o sentido global. Responde preguntas sinxelas sobre textos orais. Elabora e produce textos orais (explicacións sinxelas, exposicións, narracións, descrições...) presentando coherentemente a secuencia de ideas, feitos, vivencias e as súas opinións e preferencias. Exprésase cunha pronuncia e dicción correctas.
Interpretar, comprender, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos de soportes variados (web infantís, libros, carteis, gráficos, esquemas...) e en ilustracións que acompañan aos textos.	Comprende a información relevante en textos adaptados á súa idade. Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto sinxelo, adecuado á súa idade. Emprega o dicionario para resolver as dúbidas de vocabulario que atopa nos textos.
Buscar as ideas principais dun texto sinxelo e resumir o seu contido.	Realiza o resumo dun texto sinxelo.
Ler, en silencio ou en voz alta, textos en galego adaptados aos seus intereses	Le textos adaptados á súa idade e aos seus intereses, en silencio ou en voz alta, sen dificultade
Crear textos sinxelos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir e expresar emocións ou ofrecer informacións, coidando a súa presentación.	Elabora, en diferentes soportes, textos propios da vida cotiá e académica imitando modelos: cartas e correos electrónicos, mensaxes curtas, normas de convivencia, avisos, instrucións. textos narrativos, expositivos, descritivos, etc. seguindo un guión establecido, empregando algúns elementos de cohesión e coidando a presentación (orde, limpeza e caligrafía clara).
Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica.	Sinala a denominación dos textos traballados. Recoñece enunciados, palabras e sílabas (tónicas e átonas). Identifica nun texto ,substantivos, adxectivos, determinantes. Usa con corrección os tempos verbais. Identifica o tempo verbal (presente, pasado e futuro). Sinala o xénero e número de palabras dadas e cámbiao. Utiliza as normas de concordancia na expresión oral e escrita.
Aplicar, de forma xeral, as normas ortográficas xerais, as de acentuación en particular e as regras de puntuación, así como construír correctamente as oracións.	Coñece e utiliza as normas ortográficas básicas propias do nivel. Aplica de forma xeral as normas de acentuación de palabras agudas, gaves e esdrúxulas. Emprega os signos de puntuación (punto, coma, interrogación, exclamación e dous puntos)
Identificar intuitivamente o suxeito e o predicado, palabras compostas e derivadas, sinónimos, antónimos e palabras polisémicas de uso habitual.	Identifica intuitivamente, en oracións sinxelas, o suxeito e o predicado. Recoñece prefixos e sufixos e é capaz de crear palabras derivadas. Recoñece e usa palabras derivadas, compostas, polisémicas de uso habitual, sinónimos e antónimos e forma familias de palabras.
Usar o dicionario en papel ou dixital, con certa autonomía	Usa, con certa autonomía, o dicionario en papel ou dixital.
Valorar a lingua galega e establecer relacións co castelán e o inglés,	Evita interferencias entre as linguas que está a aprender e establece diferenzas e semellanzas.
Coñecer e valorar algúns recursos literarios da tradición oral (poemas, contos, refráns ...)	Recoñece algunha personificación e metáfora nos poemas. Utiliza de xeito guiado diminutivos, aumentativos, sinónimos e comparacións en textos literarios.
Identificar a narrativa, a poesía e o teatro e recrear e compoñer poemas e relatos a partir de modelos sinxelos.	Crea, con axuda, contos, poemas e fragmentos teatrais, a partir de pautas e modelos dados.
Coñecer o funcionamento da biblioteca da aula e do centro.	Usa a biblioteca da aula e do Centro con certa autonomía.
Utilizar as TIC	Utiliza internet de xeito guiado para buscar información e para presentar algúns escritos.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles – Matemáticas 4º

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Interpretar, reflexionar e resolver problemas utilizando estratexias e procedementos adecuados.	Aplica estratexias e procedementos aprendidos na resolución de problemas sinxelos e revisar a súa solución.
Demostrar e desenrolar as actitudes personais adecuadas para afrontar a resolución de problemas e actividades.	Amosa unha actitude de esforzo e constancia para afrontar a resolución de problemas e actividades.
Ler, escribir e ordenar os números naturais ata 7 cifras (romanos, fraccións e decimais).	Le, escribe, redondea e ordena números naturais ata 7 cifras
Realizar cálculos numéricos sinxelos basados na suma, resta, multiplicación, potencias e división.	Calcula sumas, restas, multiplicacións, potencias e divisións con números naturais.
Calcular o dobre e a metade dun número par.	Calcula mentalmente o dobre e a metade dun número par.
Identificar e recoñecer as unidades do Sistema Métrico Decimal.	Identifica e utiliza as unidades de medida de lonxitude, masa, capacidade e tempo.
Recoñecer e interpretar textos numéricos para resolver problemas utilizando medidas de lonxitude, masa/peso, capacidade e tempo.	Opera con medidas de lonxitude, masa, capacidade e tempo.
Resolver problemas da vida cotiá.	Resolve problemas sinxelos con medidas de lonxitude, masa, capacidade e tempo.
Usar internet e outras ferramentas tecnolóxicas para profundizar nos contidos aprendidos.	Utiliza internet e outras tecnoloxías para poñer en práctica os coñecementos adquiridos.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles - Ciencias Sociais 4º

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Coñecer e describir os principais fenómenos meteorolóxicos, a capa da atmosfera onde se forman e as súas manifestacións relevantes.	Describe os elementos do tempo atmosférico e as manifestacións dos seus fenómenos.
Explicar a diferenza entre clima e tempo.	Describe os factores que condicionan o clima dun territorio e diferenciao do tempo atmosférico.
Describir as características da rede hidrográfica dun territorio, situando nun mapa as masas, cursos, canles e vertentes de auga.	Describe as partes dun río e localiza os cursos máis importantes de España.
Describir as características do relevo dun territorio, identificando e situando nun mapa os macizos, cordilleiras e as chairas.	Define, diferencia e localiza nun mapa as principais unidades de relevo.
Explicar a influencia do comportamento humano sobre o medio natural e propoñer medidas para promover un desenvolvemento sostible.	Explica as causas e as consecuencias das principais actividades humanas sobre o medio natural e propón medidas para reducir a degradación da natureza.
Diferenciar entre paisaxe natural e humanizada.	Explica os elementos diferenciais entre paisaxe natural e humanizada.
Describir os factores que inciden na distribución desigual da poboación en España e en Europa.	Describe os factores que condicionan a distribución desigual no territorio e localiza as zonas máis ou menos poboadas de España e Europa.
Interpretar gráficos sobre as características da poboación e coñecer os mecanismos de recuento dos habitantes.	Comprende pirámides de poboación e explica os seus elementos. Describe a función e forma de elaboración dun censo e un padrón municipal.
Identificar as actividades económicas máis destacadas de cada sector en España.	Explica as actividades relevantes do sector primario, secundario e terciario en España.
Comprender os distintos tipos de transporte e vías de comunicación existentes e tomar conciencia das normas de seguridade vial.	Entende e asume as normas de seguridade vial e comprende os sinais de tráfico.
Buscar información, selecciónala, analízala e comunicar os resultados obtidos utilizando diversas linguaxes textuais ou gráficas e empregando todas as posibilidades que nos ofrecen as tecnoloxías da información.	Utiliza as TIC para buscar información, realizar presentacións en diferentes formatos: táboas, gráficos, mapas, etc.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles - Ciencias Naturais 4º

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Coñecer a morfoloxía externa do noso corpo e os órganos máis importantes para o seu funcionamento.	Localiza os principais órganos vitais e entende a súa importancia no funcionamento do noso organismo e recoñece a importancia dos sentidos para a relación co medio e as formas de coidalos.
Identificar e explicar as consecuencias para a saúde e o desenvolvemento persoal de determinados hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso.	Identifica e adopta hábitos de hixiene, descanso e de alimentación sans e diferencia prácticas e mensaxes contraproducentes para a saúde.
Identificar e clasificar animais, plantas e rochas do seu contorno próximo, recoñecendo as súas características.	Observa, identifica e recoñece as características básicas e clasifica plantas e animais do seu contorno, con criterio científico.
Identificar usos dos recursos naturais e consecuencias do seu uso inadecuado facendo fincapé no aforro enerxético e no impacto ambiental.	Explica algunhas características e propiedades do aire, da auga e as actuacións necesarias para evitar a súa contaminación.
Realizar experiencias con mesturas sinxelas de substancias relacionadas coa vida doméstica e do contorno e chegar conclusións sobre os resultados obtidos.	Identifica e prepara algunhas mesturas de uso doméstico e separa compoñentes para presentar as conclusións sobre os resultados observados.
Realizar un proxecto para a obtención dun produto como resultado dun problema formulado e presentalo en diferentes soportes.	Busca, selecciona e organiza a información importante, obtén conclusións e presenta os traballos en soporte dixital ou papel, de maneira ordenada e clara.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos:</p> <p>O traballo que se avalíe estará centrado no desenvolvemento de actividades de repaso, reforzo ou ampliación de contidos dados, afondando nas aprendizaxes traballadas nos dous primeiros trimestres do curso, fomentando as rutinas e mantendo o hábito de estudo.</p> <p>Dado que a avaliación é continua, global, diagnóstica e formativa, daráselle prioridade á avaliación dos trimestres anteriores, máis as actividades desenvolvidas durante o estado de alarma, sempre que iso favoreza ao alumnado.</p> <p>Realizarase un seguimento e valoración da resposta do alumnado (a súa participación e interese), analizaranse e valoraranse as tarefas realizadas e entregadas, a comunicación mantida a través de correo electrónico, teléfono, AbalarMóbil e videochamada.</p> <p>Levarase a cabo un rexistro por parte das docentes.</p> <p>Instrumentos:</p> <p>-Tarefas realizadas polo alumnado durante os dous primeiros trimestres (traballo diario, observación directa, libretas, fichas, probas orais e escritas...) máis as enviadas a través de correo electrónico, mensaxería Abalar ou whatsapp, segundo os casos, dende a declaración do estado de alarma:</p> <p>-Fichas de comprensión e expresión escrita, vocabulario e ortografía, vídeos de expresión oral, composicións escritas diversas tanto en galego coma en castelán, actividades dos libros de texto (físicos ou dixitais) cadernos de Matemáticas, exercicios de cálculo e resolución de problemas, fichas e exercicios dos libros de Ciencias Naturais e Sociais sobre os contidos traballados nos primeiros trimestres.</p> <p>-Correo electrónico, whatsapp, videoconferencia na aplicación DUO ou ZOOM.</p>
Cualificación final	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <p>A cualificación final distribuirase do seguinte xeito:</p> <p>1º trimestre: 40%</p> <p>2º trimestre: 60%</p> <p>3º trimestre: Ata un 20%.</p> <p>Para o alumnado que superou a materia do primeiro e do segundo trimestre poderá aplicárselle positivamente ata un 20% máis no 3º trimestre (ata un máximo de 2 puntos) tendo en conta que o 10 é a cualificación máxima. Para o alumnado que ten suspensa/s algunha/s materia/s pode superar a/s mesma/s se coa posibilidade de obter ata o 20% adicional chega ao aprobado (5) ou o supera.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	Servirán para reforzar e consolidar as aprendizaxes anteriores a través de fichas e exercicios de repaso, reforzo ,recuperación e ampliación .Serán programadas semanal ou quincenalmente. Corresponderán a didacticas manexadas na aula para que o alumnado poida realizalas de forma autónoma,ao seu propio ritmo e sen agobios, para facilitarlle o traballo e manter un hábito de estudo.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	A metodoloxía será flexible,adaptándose aos diferentes ritmos de aprendizaxe.As tarefas estarán programadas por semana ou quincenalmente, tendo en conta as dificultades técnicas e de infraestrutura por parte das familias, xunto co nivel de competencia dixital do alumnado.
Materiais e recursos	Libros de texto físicos e dixitais , cadernos dixitais,fichas, libretas, vídeos explicativos, enlaces a cadernos, páxinas web de interese con actividades lúdico-didáctias,ordenador , teléfono móbil, aplicación DUO ou ZOOM para videochamadas.

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	A información coas familias e o alumnado (incluído o envío de actividades) realizarase por correo electrónico, mensaxería de Abalar Móbil ,teléfono ou whatsapp e videochamada pola aplicación DUO ou ZOOM .
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.